

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2023/15

DATA: xoves 27 de xullo de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:07 h

HORA DE REMATE: 22:00 h

PRESIDE, JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

### ASISTEN

#### **BNG**

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

SARELA BETANZOS FREIRE

#### **PP**

ANTONIO ISORNA VICENTE

RAMÓN VICENTE VICENTE

ALICIA CAROU ROMERO

JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE

#### **PSdeG-PSOE**

MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO

TAMARA GARCIA MUÑÍZ

MARÍA ELENA OTERO OTERO

OSCAR RIAL LAGO

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

#### **Rianxo en Común**

JULIO ALCALDE HERMO

JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ

OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

### AUSENTES

PP - MARÍA ELENA ABUÍN CAROU

Rianxo en Común - ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO

## ORDE DO DÍA

### **PARTE RESOLUTIVA**

1. APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES
2. APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2024
3. DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA ADXUDICAR O CONTRATO: REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO
4. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG: INCLUSIÓN ACTUACIÓNS URXENTES NAS OBRAS DE MELLORA E REHABILITACIÓN QUE SE ESTÁN A REALIZAR NA ACTUALIDADE NO C.E.I.P. CASTELAO

### **PARTE DE CONTROL**

5. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA
6. DACIÓN DE CONTA DO RESULTADO DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OPERACIÓN DO PRÉSTAMO DO PAZO DE MARTELO
7. ROGOS E PREGUNTAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:

**5bf2abc05c4e9e701c9d9e05a30d4f1711217b0b24b4c735afb5e0e8249648d6**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=tZQvsAfnCw0>**

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

## 1 APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES

### ✓ APROBACIÓN ACTA Nº 14/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORGANIZATIVA DO 13/07/2023

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 14/2023 de 13/07/2023.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

#### PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 13/07/2023, Acta nº 14/2023.

#### SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O voceiro do grupo municipal BNG, indica que no punto 12 PROPOSTA DA ALCALDÍA DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS, na paxina 28:

donde di:

Os cargos que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 15 horas semanais.

debe decir:

Os cargos que se desempeñen con dedicación parcial deberán ter unha presenza efectiva mínima no concello de 20 horas semanais.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 2 APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2024

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2024**. sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, posto que aínda non está constituídas ditas comisións informativas

resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O alcalde da conta de proposta que a continuación de transcribe:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Visto que o concello de Rianxo ten que comunicar a maior brevidade posible ao SMAC da Coruña (sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación) da Consellería de Emprego e Igualdade, os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2024, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores que di:

*2. Las fiestas laborales, que tendrán carácter retribuido y no recuperable, no podrán exceder de catorce al año, de las cuales dos serán locales. En cualquier caso se respetarán como fiestas de ámbito nacional las de la Natividad del Señor, Año Nuevo, 1 de mayo, como Fiesta del Trabajo, y 12 de octubre, como Fiesta Nacional de España e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: "serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia".*

En virtude do exposto, PROPOÑO:

#### PRIMEIRO

Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2024, os seguintes días:

- **16 de xullo de 2024: Festas do Carme**
- **20 de setembro de 2024: Venres de Guadalupe.**

#### SEGUNDO

Comunicar esta resolución ao SMAC da Coruña (Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación) da Consellería de Emprego e Igualdade, para o seu coñecemento e efectos.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen,

APROBAR a proposta nos termos desta.

### **3. DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA ADXUDICAR O CONTRATO: REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a **DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA ADXUDICAR O CONTRATO: REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO**. Concello de Boiro\_Concello de Pobra\_Añualidade 2023/2024, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, posto que aínda non está constituídas ditas comisións informativas

resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Visto que se procedeu á tramitación anticipada do expediente de contratación da obra de “Rehabilitación do Pazo do Martelo”, sometendo á adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente,

Vista que a competencia para adxudicación da operación de préstamo corresponde ao Pleno da Corporación, de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público,

Visto que unha vez adxudicada a operación de préstamo polo Pleno da Corporación, debe ser formalizada ante a secretaria do Concello, de conformidade co establecido na cláusula 10.3ª das Bases que rexen a contratación da operación de préstamo,

Visto que en tanto non se produza a efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente, non procede adxudicar o contrato de obras para a “Rehabilitación do Pazo do Martelo”,

Visto que o expediente de licitación da obra de “Rehabilitación do Pazo do Martelo”, se tramitou de forma urxente para acelerar a tramitación por razóns de interese público,

Por todo o exposto, e conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, o Pleno desta Corporación no exercicio da competencia que lle outorga o artigo 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **ACORDA:**

**Primeiro.**- Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para adxudicar o contrato de obras de “Rehabilitación do Pazo do Martelo”, a efectos de acelerar a súa adxudicación.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (2 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo Rianxo en Común), nove votos en contra (dos 4 membros do grupo PP e 5 membros do grupo PSOE) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resultando **NON APROBADA** a proposta.

#### **4 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG: INCLUSIÓN ACTUACIÓNS URXENTES NAS OBRAS DE MELLORA E REHABILITACIÓN QUE SE ESTÁN A REALIZAR NA ACTUALIDADE NO C.E.I.P. CASTELAO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG: INCLUSIÓN ACTUACIÓNS URXENTES NAS OBRAS DE MELLORA E REHABILITACIÓN QUE SE ESTÁN A REALIZAR NA ACTUALIDADE NO C.E.I.P. CASTELAO. Concello de Boiro\_Concello de Pobra\_Anualidade 2023/2024, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, posto que aínda non está constituídas ditas comisións informativas, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, e dende hai aproximadamente un mes, estanse a realizar as obras de REHABILITACIÓN INTEGRAL DO C.E.I.P. CASTELAO DE RIANXO.

Estas obras realízanse dentro da iniciativa da Consellería de Educación e no marco dos programas do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado por la Unión Europea- Next Generation EU.

Estas obras de Rehabilitación integral inclúen as seguintes actuacións:

1. Rehabilitación da fachada, saneamento-inodoros, carpintería exterior da edificación e pintura
2. Reforma da cuberta, ventilación natural e saneamento de pluviais
3. Actuación de recuperación da xardinaría afectada polas obras.

Nas actuacións previstas non se inclúe as seguintes que, na opinión deste G.M., son de moita importancia e urxencia para o funcionamento do Centro Educativo:

1. Actuacións para resolver os problemas de accesibilidade nos dous edificios. Ningún dos dous edificios conta con elevadores, polo que se dificulta o acceso e mobilidade das persoas con mobilidade reducida
2. Habilitar a antiga vivenda de conserxería para instalar espazos administrativos , ao obxecto de liberar e aumentar o espazo de biblioteca
3. Peche exterior. Necesítase a substitución do peche actual para mellorar a seguridade do centro educativo e para conseguir unha solución integrada co entorno e co propio centro escolar

Algunhas das actuacións que aquí se expoñen e demandan aparecen indicadas no proxecto de Rehabilitación Integral do C.E.I.P. Castelao pero non incluídas no programa de actuación.

Estas actuacións son amplamente demandadas pola comunidade educativa do C.E.I.P. Castelao.

Na consideración de que dentro do programa de melloras de rehabilitación do Centro Educativo é necesario e urxente incluír as actuación que se indican é polo que se fai a seguinte proposta.

#### PROPOSTAS DE ACORDO:

- Dirixirse á Consellería de Educación para que dentro do Programa de actuacións para a Rehabilitación Integral do C.E.I.P. A.D.R. Castelao de Rianxo se inclúan as seguintes actuacións:
- Instalación de elevadores en cada un dos edificios do Centro Educativo
- Habilitación da antiga Vivenda de Conserxería para adicar espazos administrativos e así aumentar a Biblioteca do Centro
- Renovación do Peche exterior do centro educativo.
- Dar traslado da proposta á Dirección do Centro.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **5 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2023 ata o 30/04/2023, que comprenden os números 279/2023 ao 430/2023, dende o día 01/05/2023 ata o

31/05/2023, que comprenden os números 431/2023 ao 516/2023, dende o día 01/06/2023 ata o 30/06/2023, que comprenden os números 517/2023 ao 661/2023, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

## O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

### 6 DAR CONTA DO RESULTADO DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A OPERACIÓN DE PRÉSTAMO DA OBRA "REHABILITACIÓN PAZO DE MARTELO"

Dáse conta ao Pleno do acordado pola mesa de contratación de 18 de xullo de 2023, en relación ca OPERACIÓN PRÉSTAMO DA OBRA DE "REHABILITACIÓN DO PAZO DE MARTELO", na que se acorda:

".../..."

**Primero.-** *Asumir el contenido de los informes de tesorería e intervención, y proponer la concertación de la operación de préstamo con tipo de interés variable, al entender que es la mejor opción, atendiendo a las previsiones actuales.*

**Segundo.-** *Clasificar las ofertas presentadas por orden decreciente, atendiendo al menor custo financiero para el ayuntamiento de Rianxo:*

ORDE DE CLASIFICACIÓN	Nombre Empresa	CIF	Tipo fixo	Tipo variable	Comisións e gastos	Xuros de mora
1º	BANCO SABADELL SA	A08000143	3,83%	EUR. 3M+0,87%	0	Tipo vixente+0,70
2º	ABANCA CORPORACION BANCARIA SA	A70302039	Non se ofrece	EUR A 3M+ 0,88%	0%	1% adicional sobre o tipo de interés ordinario
3º	BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA	A48265169	Non se ofrece	EUR MESES+ 1,03%	3 Exento	+2% sobre tipo interés contractual

**Tercero.-** *Proponer al órgano de contratación la concertación de la operación de préstamo con la entidad Banco Sabadell, SA, con tipo variable, al ser la mejor oferta, en relación al custe financiero que supone para la entidad.*

**Cuarto.-** *Requerir a Banco Sabadell, SA, para que, mediante comunicación electrónica, dentro del plazo de 3 días hábiles, a contar desde el envío de la comunicación, presente, a través de la*



*Plataforma de Contratos del Sector Público, la siguiente documentación, de conformidad con lo establecido en la Cláusula 10.2 de las Bases que rigen la licitación:*

- *Acreditación de poder bastante de representación da persoa que vaia a proceder á firma do contrato.*
- *Modelo do contrato a asinar.*
- *Certificado estar corrente coas débedas tributarias, incluídas as do concello, e coa Seguridade Social.*

*De no cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que el licitador ha retirado su oferta, procediéndose en ese caso a recabar la misma documentación al licitador siguiente, por el orden en que hayan quedado clasificadas las ofertas. Todo ello sin perjuicio de lo señalado en el art.71, 72, 73 LCSP.”*

## **O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.**

### **PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA**

#### **RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 719/2023 DE DATA 26/07/2023: TRAMITACIÓN CONVENIOS\_PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO. CONCELLO DE BOIRO\_CONCELLO DE POBRA\_ANUALIDADE 2023/2024**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a RATIFICAR POLO PLENO MUNICIPAL A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 719/2023 de data 26/07/2023: Tramitación Convenios\_PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO. Concello de Boiro\_Concello de Pobra\_Anualidade 2023/2024, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, posto que aínda non está constituídas ditas comisións informativas, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Pola Sra. Presidentae dáse conta da proposta da alcaldía que se somete a aprobación e que seguidamente se transcribe:

En data 26 de xullo de 2023 ditase a Resolución da Alcaldía nº 719/2023 que se transcribe a continuación

#### **ANTECEDENTES**

*Solicitud de subvención para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e aprobación do convenio*

Logo de ver a Orde do 14 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A), publicada no DOGA de data de 28 de xuño de 2023, nº 122.

Considerando o artigo 4 da Orde onde se establecen como entidades beneficiarias das devanditas subvencións ás entidades locais.

Logo de ver o texto do convenio de colaboración entre os Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2023/2024 para a solicitude de subvención, xestión compartida e realización conxunta do proxecto “ *Programa Integrado de Emprego dirixido exclusivamente a mulleres dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal*”, ao abeiro da Orde do 14 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A), publicada no DOGA de data de 28 de xuño de 2023, nº 122.

Considerando a necesidade de ditar a presente resolución mediante avocación das competencias da Xunta de Goberno Local, xa que o prazo de solicitude de subvención remata o 28 de xullo de 2023 antes da vindeira Xunta de Goberno Local, e tendo en conta as competencias atribuídas ao alcalde no artigo 21.1.s da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Considerando que, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o alcalde podería avogar para sí as competencias delegadas atendendo á urxencia de este trámite.

Considerando de interese para o Concello de Rianxo a aprobación do presente convenio con urxencia para poder cumprir os prazos da convocatoria do programa, e sendo competente, tal e como se indicou anteriormente o pleno para a encomenda da xestión, e estimándose preciso acelerar o proceso para a solicitude da correspondente subvención,

Á vista do exposto, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 4 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 10 da Lei 40/2015, RESOLVO:

**PRIMEIRO**

Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a execución do Programa Integrado de Emprego dirixido exclusivamente a mulleres dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, cun orzamento de 220.000€, solicitando unha axuda de 220.000€ para a realización de programas integrados para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, coas seguintes características:

-Duración do programa: 12 meses

-Ámbito de actuación: O Barbanza (Concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Riveira)..

-Nº de persoas que se vai a atender: 100 persoas traballadoras desempregadas.

-Colectivos que se van a atender:

COLECTIVO	NÚMERO	PORCENTAXE
Menores de 30 anos desempregados con baixa cualificación	25	25,00%
Persoas con discapacidade	5	5,00%
Mulleres desempregadas	70	70,00%
TOTAL	100	100%

-Orzamento: 220.000,00 €

-Subvención solicitada: 220.000,00 €

-Cofinanciamento dos Concellos: 0,00 €

-Obxectivo da inserción laboral: 45%.

## SEGUNDO

Aprobar o proxecto presentado polos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o Programa Integrado de Emprego dirixido exclusivamente a mulleres dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2023/2024 recollido na memoria explicativa (anexo II)

## TERCEIRO

Aprobar o convenio de colaboración suscrito entre os Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal para o Programa Integrado de Emprego dirixido exclusivamente a mulleres dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2023/2024 e aceptar o nomeamento de don José Ramón Romero García como representante legal para todos os efectos oportunos relacionados co convenio en cuestión. O contido do convenio é que segue literalmente:

**"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL E BOIRO PARA A XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DIRIXIDO EXCLUSIVAMENTE A MULLERES DOS CONCELLOS DE BOIRO, RIANXO E A POBRA DO CARAMIÑAL 2023-2024 CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DA SEGUINTE SUBVENCIÓN:**

ORDE do 14 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A).

**REUNIDOS:**

*Os alcaldes:*

*Doutra parte: Don José Ramón Romero García, con DNI nº 33285513M, Alcalde do Concello de Boiro (CIF P1501100)) que actúa en nome de esta entidade.*

*Dunha parte: Don Julián Bustelo Abuín, con DNI nº 53795465Y, Alcalde do Concello de Rianxo (CIF. P1507300)) que actúa en nome de esta entidade.*

*Dunha parte: Don José Carlos Vidal Suárez, con DNI nº 33237427N, Alcalde do Concello de A Pobra do Caramiñal (CIF P1506800)) que actúa en nome de esta entidade.*

*Todos actúan en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.*

*Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:*

**EXPOÑEN:**

*1. Que o actual escenario financeiro e a situación socio-laboral dos concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal precisa buscar solucións ao desemprego e ás necesidades formativas do mercado de traballo.*

- ✓ Que os concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades, nos termos establecidos nas leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, establecendo esta última que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños.*

*1 A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición como de funcionamento e xestión, que provoca que, en ocasións, a implantación ou o mantemento dos servizos resulte antieconómico ou excesivamente oneroso para a entidade, sendo necesario arbitrar medios para rebaixar esa gravosidade.*

*Que, entre os medios que se poden establecer para poder prestar aos veciños actividades ou servizos que se consideren imprescindibles ou necesarios para mellora nas relacións veciñais destaca a colaboración entre administracións coa fin de poñer en común recursos para ofrecer, igualmente en común, aqueles servizos e actividades. Máis concretamente, a colaboración pode arbitrarse a través do asociacionismo municipal para solicitar subvencións de cara á xestión de servizos compartidos que permitan prestarlle os servizos á cidadanía en condicións de igualdade.*

*O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan*

*contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos, ou inserirse nos mesmos con carácter previo vinculante ou non á resolución que lles poña fin.*

*Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervinientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia, debendo publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estiveran destinadas.*

*Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.*

- Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten convocada a ORDE do 4 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A), podendo ser beneficiarios os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, sempre que por si sos ou asociados teñan unha media de paro rexistrado no ano 2022 superior a 500 persoas no ámbito territorial do proxecto.*
- Que cada solicitante debe cumprir os requisitos esixidos pola Consellería de Emprego e Igualdade nas bases reguladoras da subvención: ORDE do 4 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A).*
- Que os medios necesarios para que cada un dos concellos asinantes realicen por si sos a actuacións do programa, dende o inicio da solicitude, na posterior xestión do programa, e ata a súa finalización, resultan antieconómicos e moi gravosos para os intereses dos mesmos, pois terían que financiarse tantas actuacións como municipios, cando se pretende acadar mesma fin, polo que resulta máis eficiente empregar un servizo común.*
- Que os concellos asinantes pretenden acadar a mesma fin, que é a de executar a actuación descrita na Orde. Por iso, en aras dunha maior eficacia administrativa e en aplicación dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver a actuación conxunta de posta en práctica do Programa Integrado e presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento con cargo ás convocatorias de subvencións da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2023 e 2024.*
- Que os concellos asinantes formalizan o presente convenio para compartir a posta en práctica do Programa Integrado de Emprego dirixido exclusivamente a mulleres dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2023-2024 ao abeiro do anterior e cara a facilitar unha posible e real xestión deste servizo municipal que acade unha economía de escala e posibilite o posterior mantemento do servizo.*

*Por todo o anterior, e co obxecto de acadar a fin proposta, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes*

## **CLÁUSULAS**

**Primeira.- Obxecto.-** Os concellos asinantes acordan presentar un programa conxunto para compartir o servizo " Programa Integrado de Emprego dirixido exclusivamente a mulleres dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2023-2024" coa fin de solicitar financiamento á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e establecer o réxime de organización e funcionamento asociado.

**Segunda.- Obxectivos.-** A prestación asociada do Programa Integrado de Emprego dirixido exclusivamente a mulleres dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal 2023-2024, baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración e ten como obxectivo principal mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como: información, orientación e asesoramento, formación transversal en novas tecnoloxías e/ou en idiomas, técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, habilidades sociais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora, prospección empresarial, emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes, formación para o emprego, prácticas profesionais non laborais e mobilidade xeográfica...

**Terceira.- Ámbito de aplicación.-** O ámbito territorial é a totalidade dos termos municipais de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal promotores do Programa Integrado de Emprego, extendéndose á totalidade da Comarca do Barbanza en canto posibilidade de execución de accións e selección de participantes. Este ámbito poderase sobrepasar dado que, pola natureza das accións formativas que se impartan para a mellora do nivel da empregabilidade das persoas participantes, é posible que aquelas se impartan fora do límite dos concellos.

**Cuarta.- Sede do servizo.-** A sede se situará no concello de Boiro.

**Quinta.- Representación do servizo.-** Os concellos colaboradores designan como representante legal a D. José Ramón Romero García, Alcalde do Concello de Boiro, para os efectos oportunos en relación con este convenio, tales como presentar solicitudes, xustificar a subvención, etc.

**Sexta.- Xestión administrativa do servizo.-** A xestión administrativa será desenvolvida polo Concello de Boiro en todo o relacionado co persoal, coa contratación administrativa, xestión de axudas, xestión ordinaria etc., sen que isto supoña menoscabo de competencias de cada concello.

**Sétima.- Financiamento do servizo.-** O proxecto será realizado mediante a seguinte vía de financiamento:

- Solicitud de subvención de 220.000,00€ de importe máximo establecido pola subvención regulada na ORDE do 4 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A).

**Oitava.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo-** Os concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal poñerán os medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo dos que dispoñan para levar

a cabo o Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, sen prexuízo de recorrer a alugueiros ou realizar subcontratación daqueles, medios, útiles de traballo necesarios e específicos ou particulares para unha actividade formativa, e dos que pola súa particularidade non sexa habitual nin de costume a súa posesión por unha administración pública. Así mesmo disporán dos medios precisos para acadar unha selección de participantes no Programa Integrado de Emprego acordes aos obxetivos do mesmo, así como para a participación nas actividades propostas. Poñeranse a disposición do programa os locais máis axeitados para as diversas actividades que integran o proxecto.

**Novena.- Organización do servizo.-** Buscarase que as actuacións se desenvolvan en instalacións dos tres concellos participantes, tendo en conta as particularidades do programa, e requisitos esixibles para proceder á impartición da formación esixida na ORDE do 4 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A). Poñeranse a disposición do programa locais para un traballo máis próximo e estreito coas participantes.

**Décima.- Vixencia.-** O presente convenio terá vixencia ata o día 31 de decembro de 2024 (incluído) ou en todo caso ata a terminación do Programa Integrado de Emprego dos Concellos de Boiro, Rianxo e A Pobra do Caramiñal, unha vez se entenda concedida a subvención para a súa execución.

Non se prevé a súa prorroga.

**Décimo primeira.- Resolución.-** Será motivo de resolución calquera das seguintes causas:

- O incumprimento total ou parcial das cláusulas ou a alteración esencial do seu contido.
- O transcurso do prazo máximo de vixencia
- O mutuo acordo entre as partes.
- A extinción ou non concesión da axuda para manter o Programa de Emprego dos Concellos da Pobra e Boiro.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio

**Décimo segunda.- Natureza Administrativa.-** Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose, para os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

**Décimo terceira.- Xurisdición competente.-** A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a súa natureza administrativa. Porén, as partes comprométense prioritariamente a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir ao executar o presente convenio.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio.

Boiro, asinado dixitalmente

O Alcalde de Boiro	O Alcalde de Rianxo	O alcalde de A Pobra do Caramiñal
--------------------	---------------------	-----------------------------------

<i>José Ramón Romero García</i>	<i>Julián Bustelo Abuín</i>	<i>José Carlos Vidal Suárez</i>
---------------------------------	-----------------------------	---------------------------------

#### CUARTO

Aceptar o nomeamento de a D. José Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro, con representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria correspondan á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de promoción do Emprego e Igualdade.

#### QUINTO

Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 28 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento TR332A), publicada no DOGA de data de 28 de xullo de 2023, nº 112.

#### SEXTO

Nomear a don Jose Ramón Romero García, alcalde do Concello de Boiro para todos os actos relacionados coa presente solicitude.

#### SEPTIMO .

Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación. A vista do prazo de solicitude da axuda estimase necesario aprobar dito convenio por resolución sendo competencia do pleno a encomenda da xestión .

A vista do exposto, **propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:**

#### **PRIMEIRO**

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 719/2023, nos termos indicados na mesma.

#### **SEGUNDO**

Remitir certificado do presente acordo ao Concello de Boiro

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a



constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **ADXUDICACIÓN CONCERTACIÓN DUNHA PÓLIZA DE CRÉDITO PARA FINANCIAR A OBRA “REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO”.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a ADXUDICACIÓN CONCERTACIÓN DUNHA PÓLIZA DE CRÉDITO PARA FINANCIAR A OBRA “REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO”. Concello de Boiro\_Concello de Pobra\_Anualidade 2023/2024, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, posto que aínda non está constituídas ditas comisións informativas, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

- 1.- Con data 24/05/2023 dítase providencia de alcaldía para iniciar o expediente de contratación dunha operación de préstamo por importe de 1.090.639,26 € para dar cobertura á obra de “Rehabilitación do Pazo do Martelo”, que ascende a un importe total de 1.952.793,03 euros, e que conta cunha axuda concedida no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, por un importe concedido de 978.709,98 €.
- 2.- Con data 24/05/2023 a tesoureira municipal emite informe cas condicións e redacción dos pregos reguladores da contratación da operación de crédito.
- 3.- Con data 24/05/2023 a interventora municipal emite informe de fiscalización favorable.
- 4.- Con data 24/05/2023 emítase informe pola secretaria municipal,
- 5.- Con data 25 de maio de 2023 o Pleno da Corporación aproba o prego de cláusulas administrativas xerais e prescricións técnicas do contrato para a concertación da operación de préstamo e dispón a apertura do procedemento de licitación aos efectos de que as entidades interesadas presenten proposicións,
- 6.- Con data 31/05/2023 procédese á publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector público;,,
- 7.- Con data 20/06/2023, a mesa de contratación procedeu á apertura do sobre único das entidades bancarias licitadoras, presentando proposicións en prazo as seguintes empresas e cas seguintes condicións:

Nombre Empresa	CIF	Fecha presentación.	Tipo fixo	Tipo variable	Comisións e gastos	Xuros de mora
BANCO SABADELL SA	A08000143	15/06/2023	3,83%	EUR. 3M+0,87%	0	Tipo vixente+0,70
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA	A48265169	19/06/2023	Non se ofrece	EUR 3 MESES+ 1,03%	Exento	+2% sobre tipo interés contractual
ABANCA CORPORACION BANCARIA SA	A70302039	16/06/2023	Non se ofrece	EUR A 3M+ 0,88%	0%	1% adicional sobre o tipo de interés ordinario

Revisada a documentación administrativa presentada por cada un dos licitadores, acórdase por unanimidade da mesa admitir á licitación a todas as entidades presentadas, e dar traslado da oferta presentada por cada un dos licitadores, para a súa valoración polos servizos técnicos, de conformidade co establecido na cláusula 7ª das bases que rexen a licitación.

8.- Con data 11/07/2023, a mesa de contratación dá conta do informe emitido pola tesoureira municipal en data 09/07/2023, e que se transcribe a continuación:

*"INFORME DE TESOURARÍA*

*EXPEDIENTE 2023/C006/000002*

*OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA FINANCIAR A REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO*

*INFORME DE AVALIACIÓN DAS OFERTAS*

*I. NORMATIVA APLICABLE*

*RD Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRFL)*

*Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)*

*Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)*

*Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF)*

*Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico*

*Resolución do 4 de xullo de 2017, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.*

*Resolución do 10 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.*

## II. ANTECEDENTES

*Prórroga do Orzamento 2022 ao 2023 (RA 1077/2022, de 31 de decembro)*

*Liquidación do Orzamento 2022 (RA 494/2023, de 24 de maio)*

*Providencia de incoación do expediente de contratación da operación de préstamo e de solicitude de informe xurídico e económico*

*Informe de tesouraría sobre prudencia financeira, de 24 de maio de 2023.*

*Informe de secretaría sobre o procedemento a seguir, de 24 de maio de 2023.*

*Informe de intervención, de 24 de maio de 2023.*

*Aprobación das Bases da operación de préstamo, aprobadas no Pleno celebrado o 25 de maio de 2023.*

*Invitacións a entidades financeiras para a participación na licitación, 1 de xuño de 2023.*

*Mesa de Contratación e apertura de ofertas, en data 20 de xuño de 2023.*

